

As autoridades esperan superar os seis millóns de visitas co apoio do Xacobeo

## Galicia recibiu a uns tres millóns de turistas nos primeiros meses do ano

Ricardo López / A Coruña

Máis de tres millóns de turistas visitaron Galicia no que levamos de Xacobeo 2004, segundo datos proporcionados pola Consellería de Cultura, que dirixe Xesús Pérez Varela.

**Case dous millóns se aloxaron en hoteis, un 19,79 % máis que no Xacobeo 99**

As previsións para os meses de agosto e setembro confirman a tendencia de crecemento constante do número de viaxeiros, co que se espera alcanzar ou incluso superala cifra de seis millóns de turistas en Galicia ó remate do ano.

### Demanda e oferta

A afluencia turística está a ser superior á rexistrada no Xacobeo de 1999, rompendo tódalas marcas acadadas ata o de agora, de tal xeito que o turismo se consolida como unha das principais fontes de riqueza para a comunidade galega.

A maior parte dos turistas que viaxaron a Galicia neste ano elexiu un hotel para aloxarse. En total, lévanse rexistrados un total de 1.945.308 viaxeiros nos hoteis galegos, cunha media de ocupación do 60,42 por cento.

Con respecto ó Xacobeo 99, o incremento de turistas en hoteis ascende a 386.204 persoas, o que representa un incremento do 19,79 por cento.

A ocupación naquel ano no mesmo período de tempo fora do 53,28 por cento, sete puntos menos que no actual Ano Santo.

**A oferta hoteleira incrementouse coa creación de case 7.000 prazas**

Este aumento da ocupación hoteleira veu parelo ó incremento da oferta nos establecementos galegos, xa que respecto ó Xacobeo 99 o número de prazas hoteleiras in-



Unha imaxe de varios visitantes na Puerta Santa da catedral de Santiago, a última parte do Camino / Lavandeira Jr.

### Os campings galegos recuperaron a baixa ocupación rexistrada en xullo

xa ocupación rexistrada a principios de mes, consecuencia, principalmente, da ampliación do curso escolar tanto en España como no resto de Europa.

### O sector dos campings

O titular de Cultura e Turismo destaca que os campings galegos recuperaron durante o mes de xullo a bai-

cemento un 20 por cento, coa creación de case 7.000 prazas. "Aumenta a oferta porque crece a demanda e, ó tempo, a evolución positiva da demanda fai reaccionar ó sector, que incrementa o número de prazas", explica Pérez Varela.

Neste sentido, dixo que esta recuperación extenderase ós meses de agosto e setembro, cando se espera unha ocupación superior ó 80%. Relacionado con este sector, Pérez Varela explica que o camping clásico está a dar paso a outro tipo de instalación caracterizada por espacios más amplios habilitados para caravanas e, sobre todo, bungalows. "Este tipo de establecementos están a ter unha gran aceptación por parte do turista", sinala.

### A afluencia de peregrinos supera nun 36 por cento os datos do Ano Santo 99

O conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Xesús Pérez Varela, destaca a afluencia de peregrinos polos distintos Camiños de Santiago en Galicia nestes primeiros sete meses do Xacobeo. Neste sentido, concretou que 328.719 persoas utilizaron os albergues da Consellería de Cultura neste período, unha cifra que supera nun 36 por cento os datos do anterior Ano Santo.

### Cifras optimistas

Un total de 147.371 peregrinos utilizaron os albergues durante o mes de xullo, 17.208 máis que no Xacobeo 99. O conselleiro recordou que estes datos foron corroborados polo sector, xa que, segundo o Informe de Perspectivas Turísticas feito público a pasada semana pola Alianza para a Excelencia Turística

(Exceltur), Galicia sitúase este ano á cabeza de España no que respecta ó incremento de pernoctacións hoteleiras, tanto de turistas estranxeiros como de españois.

### Crecemento

En concreto, o incremento sitúase no 15,5 por cento para os estranxeiros e no 24 por cento para os españois, cifras que contrastan co retroceso rexistrado en zonas tradicionalmente turísticas de España, como as illas ou o litoral mediterráneo. O informe de Perspectivas Turísticas sinala, ademais, que dos empresarios que contestaron no segundo trimestre deste ano á Enquisa de Clima Turístico o 86,2 por cento experimentaba un crecemento nas súas ventas e o 70 por cento nos seus beneficios.



Jenna, filla de Bush, de peregrina / X. Rey

As ventaxas no emprego galego

### ▷ Descenso do paro:

Pérez Varela afirma que o Xacobeo 2004 está tendo tamén unha positiva incidencia na creación de emprego en Galicia. Segundo os últimos datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA), o número de parados no sector servicios na comunitat galega descendeu un 6,24 por cento entre o primeiro e o segundo trimestre de 2004, gracias ó tirón do turismo, que rexistrou unha baixa de 4.500 desempregados.

### ▷ Os servicios:

A evolución do número de ocupados no mesmo sector servicios reflicte tamén unha influencia notable. Nos últimos doce meses medrou un 1,16 por cento a cifra de ocupación neste sector en Galicia, pasándose de 628.300 no segundo trimestre de 2003 a 635.600 no mesmo período de 2004, 7.300 ocupados máis.

### ▷ Aeropertos e Santiago:

No conxunto dos tres aeropertos galegos rexistráronse ata xullo un total de 1.469.775 viaxeiros, cun incremento do 12,97 por cento respecto a 2003. Pola súa banda, o tráfico de pasaxeiros na estación ferroviaria de Santiago incrementouse nun 6,2 por cento entre xaneiro e maio de 2004 con respecto ó mesmo período de 2003. En canto ós picos de afluencia de persoas a Santiago durante xullo, un foi durante a celebración dos Concertos do Novo Milenio os días 15, 16 e 17 de xullo, datas nas que esta cidade dobrou a súa poboación coa chegada de máis de 90.000 persoas.